

## ConArtritis-Pontevedra (ASEARPO) ofrece atención especializada a más de 70 persoas mediante un programa destinado a pacientes de artrite, familiares e persoas coidadoras

- *Este servizo, incluído no proxecto de Promoción da Autonomía Persoal, é posible grazas ao cofinanciamento da Xunta de Galicia a través dos fondos do 0,7% do IRPF da declaración da renda procedente das persoas contribuíntes que marcan o cadre de “Actividades de interese xeral consideradas de interese social” xestionado por COGAMI.*

**Redondela, abril 2021.** ConArtritis-Pontevedra ASEARPO, delegación da Coordinadora Nacional de Artrite, ConArtritis, ofrece mediante o programa “Atención especializada para pacientes de artrite, familiares e persoas coidadoras” un servizo multidisciplinar ás persoas con artrite reumatoide, artrite psoriásica, artrite idiopática xuvenil, espondilitisanquilosante e espondiloartritis dentro da provincia de Pontevedra. Unha traballadora social e unha psicóloga interveñen neste programa, no que se inclúe a información sociosanitaria e o apoio psicosocial que poidan demandar tanto pacientes coma familiares, fora da consulta de reumatoloxía.

No que vai de ano 44 persoas foron atendidas por diversas consultas (información sobre a vacinación, consultas relacionadas coa discapacidade / incapacidade, apoio sociofamiliar, e sobre todo dúbidas da enfermidade e os seus tratamentos entre outras), e /ou recibiron atención psicolóxica individual ou grupal, mediante as sesións clínicas que se levan a cabo semanalmente na sede.

Para poder ofrecer este servizo, ConArtritis-Pontevedra ASEARPO conta co **cofinaciamento da Xunta de Galicia**, en concreto da Consellería de Política Social, a través da subvención para a execución de **programas de interese xeral con fins sociais, con cargo á dotación fiscal do 0,7% do IRPF**, de 12000 euros, que se xestiona dende a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

### A presenza da entidade na provincia de Pontevedra

Ademais dos servizos que se ofrecen na sede, ConArtritis-Pontevedra (ASEARPO) está presente nos diferentes puntos de atención das asociacións de pacientes habilitados nos hospitais da provincia: Meixoeiro, Álvaro Cunqueiro de Vigo, e Hospital Provincial de Pontevedra.

Dende a entidade promóvese a atención integral ás persoas diagnosticadas, polo que durante todo o ano desenvólvense diferentes actividades ou talleres que promoven o coidado da saúde: podoloxía, fisioterapia, saúde bucodental, dietética, psicoloxía ou actividade física son algunas das temáticas mediante as que se pretende dotar ás persoas dos coñecementos e habilidades necesarias para xestionar a enfermidade e manter unha boa calidade de vida, facilitándolle información veraz e actualizada sobre a enfermidade e os seus tratamentos.

As persoas interesadas en recibir máis información poden contactar mediante as seguintes vías:

- Teléfono e WhatsApp: 638 395 017 / 744 619 464
- Presencial:
  - Na sede situada no Edificio Multiusos Chapela. R/ Piñeiral do Crego, s/n - 36320 Chapela -Redondela (Pontevedra).
  - No Hospital Provincial de Pontevedra, dentro do espazo de asociacións, os martes en horario de 11:30 a 13:00
- E-mail: [asearpo.pontevedra@conartritis.org](mailto:asearpo.pontevedra@conartritis.org)